

Alumnos/as, benvidos/as de novo!

14/04/2020

Como estamos á espera de que a Consellería de Educación nos informe de como debemos enfocar a 3ª avaliación, non podemos avanzar materia. Cando o saibamos poreivos información sobre como debemos reorientar as tarefas, como debes enviarmas ou se vos teño que avaliar e como. Debes estar atentos a esa información!

Mentres tanto ides practicar un pouco a lingua falada:



Uderzo, creador francés de Astérix e Obélix faleceu recentemente. Como aínda non temos confirmación de se podemos avanzar contidos ou non imos aproveitar esta semana para homenaxealo.

Despois de ver esta película contesta estas preguntas:

ASTERIX E CLEOPATRA

https://www.youtube.com/watch?v=JXyExc0D_kc

1. Cal foi a conversa entre Xulio César e Cleopatra?
2. Quen é Numerobis? Que relación tiña con Cleopatra? Que lle encomendou esta?
3. Quen é Abraracúrcix?
4. Quen é Paletabix? Conta algunha das accións que levase a cabo.

5. Conta como foi a chegada de Astérix e Obelix a Alexandría
6. Di cales eran as características máis salientables destes personaxes.
7. Que característica tiña Milapis?
8. conta o episodio do pastel envelenado.
9. Quen é Idefix? Que fai na historia?
10. Di como actuou Xulio César ao ver que o palacio avanzaba.
11. Relata como actuou Cleopatra ao final con Numerobix e Panoramix
12. Cal foi o último ofrecemento de Asterix a Cleopatra?
13. Como foron recibidos os galos ao chegar á súa aldea? E que fai Obelix cos menhires.